

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 5 DE OUTUBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte para a execución do Plan de sustentabilidade turística Barbanza-Arousa *Viaxe a través da historia dos sabores*, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Carballiño-O Ribeiro para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Ribeiro-O Carballiño, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Porto do Son para a execución do proxecto de mellora da eficiencia enerxética nas oficinas do Concello de Porto do Son, por importe total de cento trinta e catro mil oitocentos corenta e tres euros con cincuenta e catro céntimos (134.843,54 €), IVE incluído.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao desenvolvemento de áreas de estacionamento seguras e protexidas para vehículos de transporte de mercadorías (AESP), na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para as anualidades 2023 e 2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a University of Wales, Bangor (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de quince mil euros (15.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universität Leipzig (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de nove mil euros (9.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universitat de Barcelona (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidad Complutense de Madrid (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Université de la Sorbonne Nouvelle, París III (Francia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de quince mil euros (15.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a University College Cork, Ireland (Irlanda) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Università degli Studi di Roma La Sapienza (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de interese autonómico (PIA) do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), de clave AC/21/215.30.0., para os efectos establecidos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da Estratexia de ciberseguridade do Sistema Público de Saúde de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego do *Catálogo de especialidades formativas* do Servicio Público de Emprego Estatal ou do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade correspondentes aos exercicios 2023 e 2024, por un importe total de nove millóns trescentos sesenta mil euros (9.360.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da publicación dos modelos de estatutos para agrupacións forestais de xestión conxunta e modelos tipo para constituír dereitos de uso e aproveitamento en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do Plan de equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia 2030.

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a situación dos compromisos e principais infraestruturas pendentes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en Galicia, tras o encontro mantido o día 4 de outubro entre representantes da Xunta e Executivo central.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o inicio do pagamento das axudas sociais destinadas a complementar o bono social de electricidade.
- Informe sobre a colaboración coa Cámara Oficial Mineira de Galicia para a elaboración do primeiro catálogo de materias primas minerais presentes en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre a evolución e a ampliación de crédito do Bono Concilia Familia no ano 2023.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, para a subministración de implantes de marcapasos e desfibriladores con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de cento dous millóns douscentos trinta e oito mil novecentos trinta e nove euros con quince céntimos (102.238.939,15 €), sen IVE.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe sobre a concesión de subvencións derivadas da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

CONSELLO DO MEDIO RURAL

- Informe da vendima de 2023 nas denominación de orixe galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE GALICIA SERÁ PIONEIRA EN TODA EUROPA AO APROBAR ESTE ANO A PRIMEIRA LEI DE CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE

- Resalta que persegue o dobre obxectivo de “facilitar o acceso á cultura de todos os colectivos” así como “fomentar a participación cultural”
- Entre as medidas máis importantes salienta a necesidade de manter a venda en taquilla nalgúns espectáculos, descontos en iniciativas da Xunta ou garantir unha programación de calidade no rural
- “Vai ensanchar a base cultural de Galicia xa que busca novos públicos e creadores”, asegura o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez
- A normativa prevé a creación de liñas de apoio para creadores que teñan en conta a perspectiva de xénero, a diversidade social e o territorio de Galicia
- Afonda na eliminación de barreiras físicas, cognitivas, comunicativas, sociais ou territoriais a través da escoita activa e a adaptación de servizos ás persoas
- No prazo de dous anos desde a aprobación crearase o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible e o Plan de accesibilidade para avaliar a situación actual
- Promoverase o uso das novas tecnoloxías sen esquecer a demanda analóxica, así como a formación dos traballadores públicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o proxecto da nova Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que agora será elevado ao Parlamento para o seu debate e tramitación, coa intención de que a norma poida estar aprobada a finais deste ano. “É unha normativa que non só vai ser pioneira en España senón en toda España”, salientou o titular do Goberno autonómico.

Rueda resaltou que a nova Lei busca un dobre obxectivo: tanto “facilitar o acceso á cultura de todos os colectivos e eliminar calquera barreira” física, cognitiva, territorial e social coma “fomentar a participación cultural efectiva de calquera cidadán”.

Esta normativa, segundo explicou, inclúe entre as súas medidas a preservación “da venda en taquilla e non só online cando o público así o precise”, os descontos ou gratuidades para “facilitar o acceso gratuito nas propostas impulsadas desde a Xunta” ou o uso de formatos móbiles e itinerantes co fin de “garantir unha programación de calidade en toda Galicia, tamén no rural”.

Pola súa banda, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Román Rodríguez, resaltou que grazas a esta pioneira normativa “vaise ensanchar a base cultural de Galicia xa que buscamos novos públicos e novos creadores”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, subliñou que o texto que ten por obxectivo facilitar o acceso á cultura de todos os cidadáns. Faino, ademais, desde unha perspectiva que se refire á participación na vida cultural en sentido amplo ao abranguer dúas direccións: a vertente creativa e xeradora de produtos e servizos culturais, dando visibilidade ao talento artístico de persoas que ás veces permanecen invisibles ao público, e a vertente do acceso e consumo a produtos e servizos culturais.

Rodríguez destacou ademais que esta proposta de lei é froito dun traballo consensuado co sector e cos colectivos implicados, para o cal se mantiveron sete xuntanzas con máis de 55 entidades na fase previa e se recibiron observacións por parte de 11 entidades e os correspondentes informes. O resultado é unha lei que, por primeira vez en Europa, regula o dereito de acceso á cultura desde a perspectiva da inclusión e da accesibilidade mediante unha vintena de artigos en que se recollen obxectivos e liñas de acción.

Deste xeito, a nova regulación, aínda que está destinada a todas as persoas con independencia de cales sexan as súas condicións, presta especial atención a aquelas que se atopan nunha situación de desvantaxe ou risco de exclusión, que impida ou dificulte o acceso aos procesos de creación ou de consumo tanto polas limitacións do territorio, ao residir en zonas rurais, como por ter un déficit grave de recursos económicos, contar cunha discapacidade ou situación de dependencia, estar en situación de desemprego, ser vítima de violencia de xénero, estar en proceso de rehabilitación social ou pertencer a unha minoría étnica, entre outras condicións.

Mellorar as experiencias culturais

Para avanzar nos seus obxectivos e mellorar as experiencias culturais de todo tipo de colectivos, a norma afonda en diferentes medidas dirixidas a actuar tanto desde a perspectiva da creación como desde a sensibilización, a formación, a eliminación de barreiras, o territorio, a igualdade ou as novas tecnoloxías. En definitiva, a regulación que se pon en marcha pretende ofrecer un marco estable desde o que traballar para promover unha participación universal e efectiva.

Ademais, prevé a creación, no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, do Plan de accesibilidade e de inclusión cultural no cal, coa participación de entidades representativas, se detalle a situación de partida e as melloras que cómpre realizar, e o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, que funcionará como un órgano colexiado, de asesoramento, seguimento e participación institucional.

Fomento da creación cultural

Así, no tocante á creación cultural, a lei recolle medidas centradas en fomentar as manifestacións culturais en todas as súas vertentes e desde todo tipo de persoas e colectivos. Para iso, recóllese a creación de liñas de estímulo que teñan en conta a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

perspectiva de xénero, a diversidade social e a realidade xeográfica de Galicia, e que permitan acadar unha maior participación de colectivos que, polas súas características, teñan máis dificultades para participar activamente nas actividades de creación cultural.

Así mesmo, as medidas e os programas deberán contribuír a reducir a discriminación das mulleres, a paliar o déficit de produción cultural feminina e a garantir que a aprendizaxe, a dinamización e o uso da lingua galega sexa plenamente accesible ao longo de toda a vida e para todo tipo de persoas.

No texto sometido hoxe ao Consello da Xunta tamén se inclúe a importancia de adaptar as actividades a todo tipo de públicos e asistentes mediante recursos e ferramentas como subtítulos, linguaxe de signos ou sesións descontraídas. Ademais, favorecerase o uso das novas tecnoloxías para fomentar a dixitalización de todo tipo de materiais e recursos para a súa posta á disposición do público. Isto farase sen esquecer os colectivos con maiores dificultades neste eido e sen abandonar os sistemas analóxicos, que mesmo se deben preservar con medidas como a venda de entradas en billeteira cando as necesidades do público así o requiran.

Así mesmo, promoveranse accións encamiñadas a dixitalizar todo tipo de materiais e recursos do patrimonio cultural de Galicia, en especial o documental e bibliográfico, para a súa posta á disposición do público.

Por outra parte, co fin de eliminar todo tipo de barreiras que poidan limitar a participación na programación cultural, tamén se promoverán nas actividades públicas os descontos ou gratuidades para os colectivos máis desfavorecidos ou favorecerase a creación e difusión de axendas culturais compartidas e plenamente accesibles.

Investigación, formación e boas prácticas

Unha das principais liñas para que estas medidas teñan o maior éxito posible é o impulso ás accións formativas para todo o persoal das dotacións culturais, nomeadamente para os que traballan de cara ao público, en aspectos relativos á igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. Así, o persoal ao servizo do Goberno galego disporá dunha oferta formativa ampla sobre estes aspectos e tamén se potenciará a investigación, o desenvolvemento e a innovación en materia de accesibilidade e inclusión favorecendo a realización de encontros e intercambios de boas prácticas.

Ademais, tamén se favorecerá a realización de campañas, eventos e outras accións de impacto que permitan xerar unha maior conciencia, a promoción da participación do terceiro sector de acción social nas iniciativas públicas ou a cooperación e colaboración con outras administracións e entidades para o desenvolvemento de medidas que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contribúan a facilitar o acceso á cultura das persoas en que concorra algún factor de risco.

Limitación territorial

En canto ao territorio, a nova regulación ten en conta a realidade xeográfica de Galicia á hora de incidir na importancia de planificar programacións culturais que cheguen a todos os concellos, especialmente ás zonas rurais. Neste senso, valora o uso de opcións como formatos móbiles ou itinerantes para impedir que a localización xeográfica limite o acceso á cultura por parte da cidadanía.

Iniciativas xa en marcha

A tramitación desta lei forma parte do compromiso da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por ofrecer un programa adaptado a todo tipo de públicos e que chegue a todo o territorio galego. Así o demostran, tal e como salientou o conselleiro, iniciativas como *A furgoteka*, o servizo móbil de bibliotecas que funciona nos concellos do rural de Lugo e Ourense que non dispoñen delas, ou programas como *Territorio Cultura*, que enche as zonas rurais dunha oferta cultural diversa e de calidade, ou a iniciativa *En_Red_arte*, que facemos en colaboración con Cogami.

Ademais, algunhas das medidas propostas neste texto reflíctense en iniciativas xa postas en marcha polo Goberno galego, como o sistema pioneiro de teatro inclusivo do Centro Dramático Galego no Salón Teatro, que posibilita funcións en lingua de signos, subtítulos e audiodescrición, así como ofrecer sesións descontraídas con condicións de luz especiais para persoas con pouca tolerancia a espazos pechados, aos ruídos ou á escuridade.

É o caso tamén do proxecto Galiverso, na Cidade da Cultura, onde se empregan tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual co obxectivo de amosar o noso patrimonio a calquera persoa; ou do proxecto Allure, unha iniciativa europea liderada pola Xunta da que xurdiu xa a aplicación CIMA, que transforma información sobre eventos culturais para facela máis accesible creando folletos baseados en textos sinxelos e pictogramas.

Bo momento da cultura galega

O conselleiro salientou que a chegada desta normativa coincide cun "bo momento da cultura galega" que, asegurou non só é un elemento "que xera cohesión social e funciona como elemento identitario" senón que é un sector clave para economía galega que "xera riqueza e xera emprego". En concreto, Rodríguez lembrou que a cultura representa o 3% do PIB galego e que dá emprego a máis de 35.400 persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UNHA NOVA ESTRATEXIA TURÍSTICA NA ZONA NORTE DA RÍA DE AROUSA POR 1,5 M€, QUE PROMOVERÁ AS SÚAS FÁBRICAS E CONSERVEIRAS

- O Consello dá luz verde a un convenio para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística en destino nos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo
- Entre as accións inclúese a creación dun museo da conserva en Boiro, outro da salgadura en Ribeira e rutas enogastronómicas e cicloturísticas, entre outras
- Enmárcase no Plan territorial de sustentabilidade de Galicia para aproveitar o financiamento europeo, que inclúe 13 estratexias como esta e das que se benefician 80 concellos galegos

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración coa Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte para a posta en marcha do seu Plan de sustentabilidade turística en destino por valor de 1,5 M€ nos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo. Ao abeiro desta nova folla de ruta está previsto impulsar algúns dos seus recursos enogastronómicos máis singulares, como as fábricas e as conserveiras, para promover a súa visita pública e o acondicionamento como museo.

En concreto, o plan prevé a posta en valor sustentable das fábricas de salgadura en Ribeira e das conserveiras de Boiro, xunto coa creación dunha rede de rutas enogastronómicas con visitas guiadas ou a rehabilitación do Liceo Marítimo Rianxeiro, onde se crearán aulas de enogastronomía. A creación de vías de cicloturismo na Pobra do Caramiñal completan algunhas das accións que prevé este Plan.

Inclúese no Plan territorial de sustentabilidade turística da enogastronomía de Galicia, que a Xunta lanzou este ano 2023 cun investimento de 34,5 M€ ata o ano 2025, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos, baixo criterios de eficiencia e aproveitamento dos recursos.

O Plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao sector de todo o territorio, como axudas ao embelecemento e a adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria, ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Entre os compromisos do plan está, ademais, a posta en marcha de 13 plans de sustentabilidade turística en destino, dos cales se benefician un total de 80 concellos galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE 1,5 M€ PARA ATRAER UN TURISMO SUSTENTABLE A 21 CONCELLOS DO RIBEIRO E DO CARBALLIÑO

- O Consello da Xunta de Galicia autoriza un convenio para lanzar o Plan de sustentabilidade turística en destino con accións de realidade aumentada, para coñecer a tradición enogastronómica ou a apertura dun centro e para promover produtos locais
- Beneficiaranse Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia, Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, Padrenda e Pontedeva
- É unha das 13 estratexias que benefician 80 concellos e que se inclúen no Plan territorial de sustentabilidade de Galicia con financiamento europeo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración coa asociación O Carballiño-O Ribeiro para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística en destino por valor de 1,5 M€ nos 21 concellos que conforman parte do xeodestino que xestionan. Incluirá medidas como a posta en marcha de ferramentas de dixitalización, realidade aumentada e posta en valor dos produtos gastronómicos locais a través de rutas temáticas, entre outras.

En concreto, o plan beneficiará os concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia, Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, Padrenda e Pontedeva.

Entre outras medidas prevese un plan de ruta ata 2025, que incluírá a mellora da xestión turística deste destino coa restauración paisaxística dos produtos e servizos turísticos, elaboración dun inventario do patrimonio material e inmaterial enogastronómico ou a creación dun menú especial con produtos km 0 da zona. Tamén se prevé, entre outras accións, implantar medidas de realidade aumentada para coñecer a tradición enogastronómica do territorio ou a apertura dun centro de enogastronomía.

Esta nova folla de ruta inclúese no Plan territorial de sustentabilidade turística da enogastronomía de Galicia que a Xunta lanzou este ano 2023. Cun investimento de 34,5 M€ ata o ano 2025, enmárcase no Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao sector de todo o territorio, como axudas ao embelecemento e a adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Entre os compromisos do plan está, ademais, a posta en marcha de 13 plans de sustentabilidade turística en destino -como o autorizado hoxe-, dos cales se benefician un total de 80 concellos galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COLABORARÁ NA MELLORA ENERXÉTICA DA CASA DO CONCELLO DE PORTO DO SON CUNHA ACHEGA DE 85.000 €

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións
- O Goberno galego achega o 63 % dos case 135.000 € orzados para a iniciativa, enmarcada no compromiso cos concellos a prol de infraestruturas e servizos municipais de calidade

A Xunta de Galicia colaborará na mellora enerxética da Casa do Concello de Porto do Son cunha achega de 85.000 euros, o 63 % dos case 135.000 euros presupostados para as obras. O Consello do Goberno galego deulle hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Xustiza, Presidencia e Deportes e o Concello de Porto de Son para o desenvolvemento da iniciativa.

As melloras centraranse na instalación dun novo sistema de calefacción tras rexistrarse unha avaría irreparable no anterior. Trátase así de garantirlles ao persoal e á veciñanza usuaria unhas condicións axeitadas de habitabilidade e salubridade ao mesmo tempo que se potencia a eficiencia das instalacións. Así, vanse substituír os vellos radiadores por solo radiante baseado nunha caldeira de biomasa máis eficiente e que permite un maior aforro enerxético.

As actuacións previstas comezarán este ano con obras nos tabiques e nos revestimentos, e coa instalación da calefacción. Xa en 2024, faranse melloras na carpintería interior, nas instalacións eléctricas e contra incendios, e en tabiques e revestimentos, entre outras. O orzamento previsto para este exercicio ascende a 40.736 euros, que serán financiados pola Xunta de Galicia, e no vindeiro exercicio, a 94.107 euros, dos que a Xunta achega 44.263.

A colaboración enmárcase no compromiso da Xunta coas administracións locais para garantirlle á cidadanía infraestruturas e servizos municipais de calidade, con independencia do seu lugar de residencia. Nesta liña, os concellos contan con axudas específicas a través da orde de infraestruturas de uso público e o Fondo de Compensación Ambiental. Ambas as medidas, xunto con Fondo Adicional do Fondo de Cooperación Local, permitiron ao longo de 2023 impulsar máis de 600 proxectos municipais que suman un orzamento superior aos 27,2 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 500.000 € AOS PRIMEIROS INCENTIVOS PARA CREAR UNHA REDE GALEGA DE ÁREAS DE ESTACIONAMENTO SEGURO E PROTEXIDO PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS

- Trátase de incentivar que os espazos para o descanso que xa existen nas rutas de tránsito se transformen en áreas certificadas de estacionamento protexido, habilitando 250 prazas nas catro provincias
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicará este venres no *Diario Oficial de Galicia* a primeira convocatoria das subvencións para este exercicio e o 2024, que se poderán solicitar polo prazo dun mes desde do día seguinte ao da publicación da orde
- As axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e subvencionarán 2.000 € por cada praza de aparcadoiro, ata un máximo de 120.000 € por solicitude
- Os estacionamentos, ademais de cumprir os requisitos para alcanzar como mínimo o certificado de nivel prata segundo o regulamento comunitario, deberán contar cun peche perimetral ou barreira física e unhas dimensións mínimas por praza
- Establécese a limitación de prezos e fíxase a tarifa máxima por hora en 1,50 € e o prezo máximo por día en 12 €
- O Goberno galego continúa traballando no plan estratéxico para crear en Galicia a que será a primeira rede de aparcadoiros certificados para camións destas característica en España, co obxectivo de acadar nos vindeiros anos as 1.500 prazas

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á posta en marcha dos primeiros incentivos para a creación dunha rede galega de áreas de estacionamento seguro e protexido para o transporte de mercadorías. A Xunta destinará un investimento de 500.000 euros a esta primeira convocatoria, que abrangue o presente exercicio e o vindeiro ano 2024.

Esta medida da Xunta ten como obxectivo impulsar unha rede de aparcadoiros certificados para camións mediante a transformación das áreas de tránsito das rutas existentes para os descansos obrigados pola normativa europea, co obxectivo de dotar os profesionais do sector de estacionamentos seguros e protexidos cun número axeitado de prazas distribuídas polo territorio de Galicia, nas zonas próximas ás principais vías e aos principais corredores de tráfico pesado.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicará esta nova liña de axudas no *Diario Oficial de Galicia* de mañá, venres 6 de outubro. O prazo de presentación de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Mediante estes novos incentivos, a Xunta de Galicia fomenta o desenvolvemento de áreas de estacionamento certificadas que incrementen a seguridade nas paradas, melloren as condicións de descanso dos condutores e os protexan de posibles delitos contra a carga, contribuíndo a facer máis atractiva a profesión de transportista, favorecendo as condicións laborais e a imaxe do traballo e, especialmente, a incorporación da muller ao sector.

As axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva. Con carácter xeral, o importe da subvención por cada praza de aparcadoiro será de 2.000 euros, cun tope de 120.000 euros por solicitude.

Requisitos e características dos aparcadoiros

A iniciativa da Xunta diríxese a aquelas entidades privadas xestoras das áreas de tránsito das actuais rutas habilitadas para descansos que queiran convertelas en aparcadoiros seguros e protexidos para vehículos de transporte de mercadorías.

O obxectivo é dispor de 250 prazas repartidas nas catro provincias galegas o vindeiro ano 2024.

Para acceder a estes novos incentivos da Xunta, as áreas de estacionamento para camións deberán estar situadas na comunidade autónoma e obter, antes do 29 de novembro deste ano, a certificación europea de nivel de calidade -mínimo nivel prata, e poden alcanzar o ouro ou o platino- no relativo ao nivel de servizo e á seguridade das zonas de estacionamento, así como aos procedementos para a súa certificación, segundo o Regulamento delegado (UE) 2022/1012, da Comisión.

Entre as características que deberán cumprir as instalacións necesarias para garantir a seguridade dos vehículos está a disposición dun peche perimetral ou barreira física de, polo menos, 1,80 metros de altura. Entre a barreira ou o peche e a zona de estacionamento haberá unha zona libre de 1 metro.

Ademais, cada unha das prazas de aparcadoiro deberá ter unhas dimensións mínimas de 3,30 metros de ancho por 16,50 metros de longo.

Nestas áreas deberá reservarse unha porcentaxe mínima de prazas de aparcadoiro de rotación do 20 %. Para os efectos da subvención, entenderanse por prazas de rotación aquelas que non están suxeitas a contratos de duración superior á diaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta convocatoria establécese a limitación de prezos e fíxase a tarifa máxima por hora e por día en 1,50 € e 12 €, respectivamente. Estes prezos poderanse actualizar cada ano conforme o IPC vixente. Así mesmo, non existirá impedimento para que compensen o uso doutras instalacións do complexo, como gasoleira, cafetería, restaurante ou hotel.

O Goberno galego continúa traballando no plan estratéxico para crear en Galicia a que será a primeira rede de aparcadoiros certificados para camións destas características en España, co obxectivo de acadar nos vindeiros anos as 1.500 prazas.

Esta iniciativa completárase co impulso dunha área de estacionamento seguro e protexido na Central de Transportes de San Cibrao das Viñas, que servirá como área de referencia na contorna de Ourense e se desenvolverá a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas. Prevese que este aparcadoiro albergue arredor de 59 prazas.

Con estas medidas, a Xunta reforza o seu apoio ao sector do transporte de mercadorías por estrada en Galicia, que concentra o 6,97 % das operacións de tráfico intrarrexional de todo o territorio nacional e supón, de forma directa, arredor do 1 % do PIB.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA ESTE 2023 MÁIS DE 160.000 EUROS PARA REFORZAR O ESTUDO DA LINGUA E CULTURA GALEGAS EN 13 UNIVERSIDADES DE 11 PAÍSES

- O Consello da Xunta aproba hoxe a sinatura dos convenios plurianuais de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades de Barcelona, Madrid, París, Irlanda e Roma
- Ademais, autoriza unha addenda que incrementa os importes dos convenios vixentes coas universidades de Leipzig (Alemaña) e Bangor (Reino Unido)
- A estes súmanse os convenios anuais vixentes desde comezos de ano con Polonia, Brasil, Finlandia, Suíza e Hungría

A Xunta de Galicia destina este 2023 máis de 160.000 euros para a docencia, a investigación e a promoción da lingua e cultura galegas en 13 universidades de 11 países. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a renovación dos convenios de colaboración existentes entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universitat de Barcelona, Universidad Complutense de Madrid, Université de la Sorbonne Nouvelle París III (Francia), University College Cork (Irlanda) e Università degli Studi de Roma (Italia), que estarán vixentes ata 2026.

Ademais, o Consello autorizou tamén esta mañá unha addenda do convenio vixente entre a Xunta de Galicia e a University of Wales, en Bangor (Reino Unido), que recibirá 15.000 euros a maiores dos 63.976 establecidos no acordo de 2022, e a Universität Leipzig (Alemaña), que incrementa en 9.000 euros o orzamento inicial de 88.225 euros, renovado tamén o pasado 2022.

A estes convenios plurianuais súmanse os convenios anuais vixentes desde comezos de ano entre a Consellería de Cultura e as universidades de Polonia, Brasil, Finlandia, Suíza e Hungría.

Coa sinatura destes acordos, as universidades do exterior comprometeranse a darlles continuidade aos estudos de lingua, literatura e cultura galegas nos seus plans de estudos vixentes, así como a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión destas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Proxección do galego no exterior

En cumprimento do previsto na Lei 3/1983, de normalización lingüística, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades leva a cabo as accións necesarias para a difusión do idioma galego fóra do territorio que lle é propio.

Así, coa finalidade de promover o galego no exterior, a Xunta de Galicia asina convenios de colaboración con distintas universidades de fóra de Galicia, que poden ser anuais ou plurianuais, tendo estes últimos unha duración de tres cursos, polo que cada ano son diferentes os acordos que se tramitan.

O pasado 2022 renováronse 16 convenios plurianuais con universidades de todo o mundo, e destináronse máis de 700.000 euros á promoción da lingua e cultura galegas en Alacante, Bangor (Reino Unido), Barcelona, Berlín (Alemaña), Estremadura, Heidelberg (Alemaña), Kiel (Alemaña), Leipzig (Alemaña), Minho (Portugal), París (Francia), Perugia (Italia), Río de Xaneiro (Brasil), Sao Paulo (Brasil), Varsovia (Polonia), Zadar (Croacia) e Salamanca; e sete convenios anuais, os mesmos que este ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A APROBACIÓN DE PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DO NOVO CHUAC AXILIZARÁ QUE ESTEA ACTIVO CANTO ANTES PARA 550.000 PACIENTES DA ÁREA DA CORUÑA E CEE

- Salienta que “facilitará, simplificará e acelerará” os trámites para, cunha inversión de máis de 500 M€, converter o novo hospital como “un centro de referencia de España”
- Con esta declaración complétase a tramitación do instrumento de ordenación urbanística do solo necesario para a construción do novo hospital público da Coruña, incluídas as obras de urbanización e edificación, os accesos desde as vías de alta capacidade, o novo edificio hospitalario nas Xubias e o espazo para resituar as vivendas afectadas
- Informa de que se acordou declarar a urxencia para a tramitación das expropiacións necesarias para levar a cabo a actuación, que suporán un investimento de 17 M€
- A intervención conta, ademais, con informe ambiental, tanto para o proxecto de interese autonómico como para as vías e os accesos
- O proxecto prevé como principal ámbito de actuación Curramontes, onde está o actual complexo e onde se realizarán as obras de renovación e ampliación e os accesos
- Executarase un novo anel viario que distribuirá os accesos ás diferentes áreas do hospital e un aparcadoiro soterrado para resolver os problemas de aparcadoiro
- O segundo ámbito previsto é Pedralonga, onde se acometerá a urbanización residencial para facilitar o realoxo de afectados polas expropiacións de vivendas
- A Xunta xa licitou en xullo a demolición do hotel de doentes e a construción da torre polivalente, así como a redacción do proxecto e execución de obra dos accesos, cun investimento xa mobilizado de máis de 60 M€

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor a aprobación hoxe por parte do Consello da Xunta do proxecto de interese autonómico do novo CHUAC, que permitirá axilizar os trámites para que a área sanitaria da A Coruña e Cee poida contar “canto antes” cun novo hospital público que atenderá a 550.000 pacientes .

O mandatario galego incidiu en que esta declaración “facilitará, simplificará e acelerará moito” os trámites necesarios para facer o investimento de máis de 500 millóns de euros no novo CHUAC. Neste senso, lembrou que se trata do “investimento máis importante” e de “máis volume” da Xunta na mellora da rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde co obxecto de “consolidalo como un centro de referencia en España”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O mandatario galego salientou esta medida, xa que deste xeito complétanse os trámites necesarios para realizar as obras de urbanización, dos accesos ou do espazo onde recolocar as vivendas afectadas.

Ademais, tamén se acordou declarar a urxencia para a tramitación das expropiacións necesarias para a súa materialización, "o que implica un investimento de 17 millóns de euros", precisou o presidente da Xunta, quen explicou que a aprobación do proxecto de interese autonómico leva implícita a declaración de utilidade pública e interese social e a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos afectados, con fins de expropiación. Ademais, tamén supón a prevalencia sobre calquera outro uso posible do solo incluído no seu ámbito.

Rueda detallou que o proxecto de interese autonómico do Novo CHUAC recolle actuacións en dous puntos moi concretos: no terreo de Curramontes, onde está situado actualmente o hospital e na zona de Pedralonga, onde se van recolocar as familias expropiadas.

Deste xeito, segundo explicou, en Curramontes vaise renovar e ampliar edificios sanitarios; construír novos accesos e dous aparcadoiros soterrados; e reservar unha parcela para gardería infantil. En canto ao lugar para as familias expropiadas, adiantou que se vai habilitar unha nova zona residencial na que será posible construír 17 vivendas.

O presidente galego aclarou que hai obras que no precisaban desta declaración de Proxecto de Interese Autonómica e nas que a Xunta está avanzando. Así, salientou que xa están licitadas as obras para a demolición do actual Hotel de Doentes, con 1,3 millóns de euros, e para construír a nova Torre Polivalente, por valor de 35 millóns de euros. Confirmou que tamén está licitada a execución da obra dos accesos, por 24,8 millóns de euros. En conxunto, o investimento xa mobilizado supera os 60 millóns de euros.

Comezo de expropiacións en outono

Rueda avanzou que a previsión é adxudicar estes contratos en outono. En concreto, a Torre Polivalente será a primeira edificación do novo CHUAC e que as obras comezarán entre finais deste ano e inicios de 2024.

En outono tamén comezarán as expropiacións para poder realizar as obras que si precisaban desta declaración de Proxecto de interese autonómico. Así, o primeiro será licitar as obras de urbanización do terreo onde logo se poderán recolocar as familias. E, en paralelo, estase a redactar xa o proxecto de execución do novo edificio hospitalario.

Co acordo de hoxe complétase a tramitación do instrumento urbanístico de ordenación do solo preciso para acometer as obras de urbanización e edificación, incluídos os accesos desde as principais vías de alta capacidade, o novo edificio hospitalario situado nas Xubias

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e o espazo previsto para a recolocación das vivendas afectadas. Xa de modo previo foran resoltas favorablemente as tramitacións ambientais, tanto do proxecto de interese autonómico como do proxecto de vías e accesos.

Atención sanitaria a máis de 550.000 pacientes

O novo Hospital Público da Coruña que está a impulsar a Xunta de Galicia cun investimento de máis de 500 M€ ten como obxectivo ofrecer unha mellor resposta aos problemas de saúde dos cidadáns da Coruña e da súa área, así como unha rápida atención asistencial.

O complexo centrará a atención sanitaria da Coruña durante as vindeiras décadas e abranguerá a área sanitaria da Coruña e Cee, o que significa darlles atención a máis de 550.000 pacientes.

Este proxecto multiplicará por tres a superficie actual do hospital, que pasará dos 85.000 m² actuais a unha superficie construída de case 257.000 m².

Executarase un novo complexo hospitalario, aproveitando e reformando o actual hospital: actuando en 5.865 m² de superficie actual para as conexións cos novos edificios, dotándoo dun aparcadoiro integrado de case 47.000 m² e levantando novas edificacións que suporán máis de 204.000 m² de superficie construída.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS NA ESTRATEXIA DE CIBERSEGURIDADE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Preténdese acadar unha protección avanzada das aplicacións web do Sergas contra ataques sofisticados, o descubrimento automatizado de vulnerabilidades ou concienciar o persoal en ciberseguridade
- O investimento da Consellería de Sanidade neste proxecto ata final do ano 2023 será de máis de 5 millóns de euros e o total acada os 9,8 millóns

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, tomou razón da Estratexia de ciberseguridade do Sistema Público de Saúde de Galicia, que supón investimentos en marcha por valor de 5.471.285,47 euros en 2023 e a previsión de dedicar 4,3 millóns nos próximos dous anos.

A través de antivirus e sistemas de protección dos postos de traballo de nova xeración, sistemas de xestión da identidade dixital, da fortificación da plataforma de telecomunicacións ou a concienciación interna, o Sergas controlará a totalidade do parque tecnolóxico conectado, terá capacidade de xestión proactiva ante intrusionés e software malicioso e contará cunha identificación dixital dos usuarios máis funcional e segura.

Deste xeito, protéxese o sistema dixital de asistencia sanitaria, no cal destaca a historia clínica electrónica, a e-receita ou o uso por parte da cidadanía da aplicación SergasMóbil. Ademais destes elementos visiblemente dixitais, a presenza das TIC no Sergas esténdese á práctica totalidade dos elementos que permiten o normal funcionamento do sistema sanitario público, xa que calquera proceso ou instrumento utilizado na prestación sanitaria está apoiado por un sistema baseado nas TIC ou ben son xa directamente elementos dixitais.

Actualmente, todos os sistemas de información e servizos tecnolóxicos da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade, así como os de todas as subdireccións de sistemas de información das áreas sanitarias do Sergas, contan coa certificación do seu sistema de xestión da seguridade da información conforme a norma UNE-ISO/IEC 27001:2014. Ademais, este ano 2023 certificaranse estes mesmos servizos no Esquema nacional de seguridade cun nivel alto. Así, segundo a auditoría efectuada, o Sergas sitúase nun nivel de ciberseguridade de 3 sobre 5 e, coas medidas en marcha e as previstas nos próximos dous anos, preténdese chegar a un nivel 4, definido como maduro por tratarse dun proceso de ciberseguridade automatizado e controlado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á seguridade informática, ademais de fondos propios, a Xunta destina fondos Feder da UE e fondos de recuperación Next Generation da UE (React-UE e MRR).

Ciberataques a hospitais

Con este investimento, a Xunta de Galicia pretende protexer o sistema sanitario público co obxectivo de evitar ataques informáticos como, por exemplo, o sufrido este ano no Hospital Clínic de Barcelona. Nese caso, a información do hospital foi secuestrada e provocou temporalmente a cancelación dos servizos de urxencias, do laboratorio e da farmacia e, a continuación, fixo públicos parte deses datos.

Episodios como este ou os sufridos no servizo de saúde de Irlanda no ano 2021 ou no Hospital de Torrejón no ano 2020 contribuíron a pór de manifesto a exposición das infraestruturas TIC dos centros sanitarios ante os ciberataques e o interese de determinados actores por explorar estas vulnerabilidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUMENTA ATA OS 9,3 M€ AS AXUDAS Á CONCILIACIÓN, AO TRANSPORTE, Á MANUTENCIÓN E AO ALOXAMENTO PARA FACILITAR A ASISTENCIA AOS CURSOS PARA UNS 16.100 DESEMPREGADOS

- Estas bolsas, que medran na convocatoria 2023/24 nun 9 % (+800.000 €), facilitan a participación de persoas sen emprego nas accións formativas convocadas pola Xunta de Galicia
- A iniciativa inclúe axudas de asistencia para persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, integrantes de familias numerosas ou monoparentais
- Como novidade, increméntase ata os 20 euros a contía máxima diaria da axuda de transporte en vehículo propio, con respecto aos 15 euros da anterior edición
- Preto de 14.800 persoas se beneficiaron ata agora destes apoios na convocatoria 2022-2023, que aínda non rematou
- A Xunta desenvolve políticas para favorecer a xeración de emprego en Galicia mediante a mellora da cualificación das persoas traballadoras co impulso dunha formación flexible e adaptada aos cambios do mercado laboral, co apoio dunha orientación especializada

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria das axudas directas para apoiar a participación de persoas desempregadas nos cursos para o emprego que está a impulsar o Goberno galego. Así, o orzamento para a edición 2023/2024 destas bolsas de apoio, que inclúe financiamento para os gastos de desprazamento, manutención, aloxamento e conciliación, medra nun 9,3 % con respecto á convocatoria anterior, ata chegar aos máis de 9,3 millóns de euros. Son 800.000 euros máis ca en 2022/2023.

Con esta iniciativa, coa que se estima que se poidan beneficiar máis de 16.100 persoas sen emprego, a Administración autonómica galega concederá bolsas de asistencia a colectivos prioritarios que presentan especiais dificultades para a súa inserción laboral. Así outorgará achegas de 9 euros por día de clase ao alumnado con polo menos o 33 % de discapacidade; a integrantes de familias numerosas ou de carácter monoparental e ás persoas que participen nun itinerario personalizado de inserción. Estas bolsas ascenderán a 10 euros por día para as vítimas da violencia de xénero que tomen parte nas accións (inclúense as vítimas de violencia vicaria ou dixital).

O Goberno galego quere apoiar tamén a asistencia de persoas que teñan ao seu coidado fillas ou fillos, menores de 12 anos en acollida e/ou familiares con dependencia ata o segundo grado, ás cales lles outorgará unha contía igual ao 75 % do indicador público

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de renda de efectos múltiples (IPREM) diario que estea vixente, para facilitar a súa conciliación.

Como novidade nesta convocatoria, auméntase ata os 20 euros a contía máxima diaria de axuda de transporte en vehículo propio con respecto aos 15 euros da anterior edición (0,19 € quilómetro/día), e igual ca en anteriores ocasións, concederanse achegas para o uso do transporte público urbano ou interurbano (1,5 €/día) e de manutención (12 €/día), se a distancia do domicilio supera os 20 quilómetros; e para aloxamento e manutención de ata 50 euros por día, tanto para domicilios que disten 100 quilómetros ou máis ou nos cales se careza de servizo de transporte que permita o traslado diario.

O obxectivo desta acción non é outro que o de facilitar a asistencia aos cursos do alumnado e, polo tanto, mellorar a súa cualificación para que aumenten as súas oportunidades laborais.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes desde a incorporación á acción formativa ou desde que teña lugar o feito causante da axuda. Polo tanto, o período que abrangue o prazo de solicitudes para esta convocatoria será para as accións formativas que se inicien entre o 1 de novembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024.

Na anterior convocatoria 2022-2023 preto de 14.800 persoas resultaron ata agora beneficiarias destas bolsas, xa que a resolución aínda non se pechou. A Xunta leva investidos desde 2015 máis de 62,3 millóns de euros nesta iniciativa.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a desenvolver políticas para favorecer a xeración de emprego en Galicia mediante a mellora da cualificación das persoas traballadoras co impulso dunha formación flexible e adaptada aos cambios do mercado laboral, co apoio dunha orientación especializada.

Contamos cun novo Plan galego de formación para o emprego 2023, dotado con máis de 125 millóns de euros, para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás tendencias do tecido produtivo e ao cada vez máis competitivo mercado laboral.

Neste marco, a Xunta deseñou a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, artellada a través dun gran pacto social que sitúa as capacidades das persoas no centro da axenda pública, mobilizando recursos públicos e privados para crear unha contorna de aprendizaxe permanente. Elaborouse tamén un estudo de tecnoloxías emerxentes para facer fronte aos empregos do futuro e tratar de prever, deste xeito, os futuros requirimentos formativos que serán demandados desde o mercado laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PROPORCIONARALLES MODELOS DE ESTATUTOS AOS PROPIETARIOS FORESTAIS PARA FACILITAR A CONSTITUCIÓN DE AGRUPACIÓNS DE XESTIÓN CONXUNTA E SEGUIR AVANZANDO NA DINAMIZACIÓN DO SECTOR

- Estes modelos, orientativos e voluntarios, foron establecidos ao abeiro da normativa vixente, máis concretamente nas leis de montes de Galicia e de recuperación da terra agraria
- A súa finalidade é simplificar a constitución eficiente destes grupos, o que redundará na mellora da xestión e dos aproveitamentos forestais
- As agrupacións de xestión conxunta teñen como obxectivo a protección do ambiente, a prevención de incendios forestais ou o fomento do desenvolvemento rural
- A primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica establece nun dos seus eixos o Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta

O Consello da Xunta avaliou hoxe a futura orde que establece modelos de estatutos para agrupacións forestais de xestión conxunta e modelos tipo para constituír dereitos de uso e aproveitamento en Galicia. Son modelos orientativos e voluntarios que a Xunta facilitará conforme o establecido na normativa vixente, máis concretamente nas leis de montes de Galicia e de recuperación da terra agraria.

A primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica establece nun dos seus eixos o Programa de fomento de agrupacións forestais de xestión conxunta. Polo tanto, a finalidade desta iniciativa é a de facilitar a constitución e a xestión eficiente das agrupacións forestais de xestión conxunta en Galicia, algo que redundará na mellora da xestión e dos aproveitamentos forestais.

As agrupacións de xestión conxunta teñen diversos obxectivos, entre os cales se inclúen a protección do ambiente, a prevención de incendios forestais e o fomento do desenvolvemento rural. As que decidan sumarse a estes modelos incorporaranse a un rexistro específico e terán, por este motivo, preferencia na concesión de axudas públicas do sector forestal.

Deste xeito publicaranse os seguintes modelos de estatutos para as diferentes agrupacións forestais de xestión conxunta: para entidades sen ánimo de lucro de xestión forestal conxunta, para entidades sen ánimo de lucro de representación para a planificación ou comercialización conxunta, de comunidade de bens e de sociedade civil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Modelos tipo

Con respecto aos modelos tipo para a constitución de dereitos de uso e aproveitamento a favor de terceiras persoas en Galicia, publicaranse os seguintes: contratos tipo para a constitución de dereitos de uso e aproveitamento a favor de agrupacións forestais de xestión conxunta, e contratos tipo de cesión ou delegación da planificación da xestión forestal ou da representación para a xestión e comercialización conxunta a favor de agrupacións forestais de xestión conxunta.

Os modelos de estatutos e modelos tipo fornécense como guía e referencia para as partes interesadas. O seu uso é opcional e as partes poden adaptalos segundo as súas necesidades específicas, en cumprimento das disposicións vixentes.

A mellora da xestión forestal repercute positivamente de xeito directo nos titulares dos montes galegos e, de maneira indirecta, no conxunto da poboación. Isto é así porque esa mellora representa beneficios tanto económicos como sociais e ambientais para os galegos e incide nesa tripla sustentabilidade do monte pola que aposta a Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN DE EQUIPAMENTOS NOS PORTOS PESQUEIROS DE GALICIA 2030 INVESTIRÁ 34,7 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DOS PEIROS E AS LONXAS DA COMUNIDADE

- Esta estratexia define as actuacións da Consellería do Mar nas dársenas galegas en materia de infraestruturas e dotacións para a o traballo vinculado coa actividade extractiva e a primeira venda de peixes e mariscos
- Ponse o foco nos portos como epicentro do desenvolvemento socioeconómico e territorial das vilas costeiras, incrementando en máis dun 62 % o apoio que este tipo de actuacións mobilizou entre os anos 2016 e 2023
- A planificación vai na liña dos obxectivos do novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura, orientados a reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles

A Consellería do Mar presentou hoxe ao Consello da Xunta o *Plan de Equipamentos Pesqueiros de Galicia 2030*, onde se recolle a estratexia para o que resta de década en materia de modernización das infraestruturas dos portos, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque. O documento reflicte que o conxunto das actuacións a realizar tanto polo sector como pola Xunta contará a partir do próximo ano con máis de 34,7 millóns de euros en recursos, onde o 70% virán da man do novo Fondo europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) e o resto (dez millóns de euros) serán fondos propios da Consellería.

A cantidade destinada a este tipo de dotacións é case un 63% superior ao apoio mobilizado para estas actuacións entre 2016 e 2023. Durante este tempo, marcado polo programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que agora finaliza o seu percorrido, mobilizáronse máis de 21,3 millóns de euros en preto de 470 actuacións.

O novo plan, con horizonte 2030, é froito dun intenso traballo que recolle as aportacións dos actores do propio sector pesqueiro a través dunha consulta pública que permitiu avaliar a situación actual das instalacións e as súas necesidades. A estas contribucións de confrarías, asociacións sectoriais e organizacións de produtores súmase o coñecemento dos técnicos da Consellería do Mar e do ente público Portos de Galicia. Ademais, contouse co centro tecnolóxico EnergyLab para a elaboración dun plan de descarbonización e neutralidade climática dos portos galegos, atendendo ás diferentes tipoloxías e casuísticas identificadas no sistema portuario autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A planificación dos investimentos en equipamentos contempla intervencións precisas no ámbito pesqueiro para dotar ou optimizar as instalacións que prestan servizos ás persoas como usuarios do porto, aos buques como elemento necesario para a actividade pesqueira e á propia pesca, co fin de mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos pesqueiros desembarcados, facilitar o cumprimento da obriga de desembarque e o aproveitamento total de todas as capturas.

Outras liñas estratéxicas pasan polo aumento da eficiencia enerxética ademais de contribuír á protección do medio ambiente. A mellora da seguridade e as condicións de traballo acompañarase por unha aposta decidida pola xestión intelixente e dixitalizada dos portos. Tamén se busca preparar as infraestruturas para afrontar posibles eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.

Dentro dun sistema portuario composto por 128 portos que se distribúen ao longo do seu litoral, 122 deles xestionados de forma directa pola Xunta a través do ente público Portos de Galicia, o documento establece unha tipoloxía de clasificación de 63 portos pesqueiros que emprega variables como o importe de vendas e a poboación pesqueira asociada á confraría do territorio, así como o volume de descargas no caso dos pósitos con maiores niveis de actividade. Os catro tipos de dársenas -que van das máis activas ás que menos-, xunto coa súa especialización produtiva en peixes ou mariscos, permite orientar as necesidades de investimento en cada un dos peiraos e as súas lonxas.

Este plan segue os criterios que marca o novo fondo Fempa e con el da forma á estratexia de mellora constante destas instalacións e dos equipamentos portuarios para facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar a competitividade do sector e a súa rendibilidade de forma sostible nos eidos económico, social e medioambiental.

Investimentos necesarios e adaptados

O punto de partida do plan marcarao a convocatoria de axudas de 2024 para estas actuacións que nas próximas semanas sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Dela poderán beneficiarse confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, organizacións de produtores de pesca, cooperativas, asociacións profesionais de persoas mariscadoras e de redeiras. No marco desta estratexia, a este tipo de accións do sector poderán sumarse iniciativas realizadas por execución propia desde a Administración autonómica.

Son obxecto destes apoios as actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da protección do medio ambiente e da seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras. Ademais serán subvencionables as iniciativas que favorezan a conservación das descargas de peixe e marisco, a súa trazabilidade, a selección ou a etiquetaxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Utilizando o plan como base, a Consellería do Mar pretende que tanto as actuacións propias como as convocatorias destas axudas para equipamentos pesqueiros continúen adaptándose ás necesidades do sector, introducindo as novas posibilidades que xurdan polo desenvolvemento tecnolóxico e que respondan tamén as demandas marcadas en áreas como a descarbonización e a neutralidade climática.

No histórico de proxectos destacan, pola súa relevancia e envergadura, actuacións como a modernización da fábrica de xeo da Confraría de Cambados, cun investimento de 600.700 euros que mellorou o rendemento da instalación e a súa eficiencia enerxética. Tamén as obras na lonxa de Testal-Noia, ás que se dedicaron preto de 584.000 euros e que melloraron as condicións de traballo das persoas mariscadoras, e a modernización das instalacións de frío da lonxa de Cedeira cun investimento de 507.700 euros, entre outras accións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta avaliou un informe sobre a situación dos compromisos e principais infraestruturas pendentes do Ministerio de Transportes en Galicia, tras o encontro de onte](#)

A XUNTA CONSTATA NOVOS RETRASOS NO PLAN DIRECTOR DO CORREDOR ATLÁNTICO E NA CHEGADA E REPARTO DOS TRENS AVRIL A GALICIA

- Valora a canle de diálogo institucional aberta co Ministerio e o seu compromiso de información sobre a evolución de actuacións estatais estratéxicas para a comunidade pero manterá as demandas sobre as cuestións aínda sen concretar e pendentes
- Confirma a negativa taxativa do Ministerio á transferencia da AP-9 á comunidade, pese a ser esta unha demanda unánime de Galicia
- Descoñece os criterios de reparto que empregará o Ministerio na dotación de trens Avril, sendo necesarios 7 para atender axeitadamente as demandas da comunidade
- Lamenta a falta de planificación do Goberno para achegar a alta velocidade a Ferrol, así como o seu rexeitamento a executar as variante de Rubián e dos Peares, o que impedirá acadar tempos de viaxe competitivos desde Lugo ata Ourense
- Corrobora que o documento do Plan Director do Corredor Atlántico que o Ministerio comprometeu presentar en outubro non será completo, xa que se supedita á aprobación da revisión do regulamento da rede de mercadorías pola Unión Europa
- Coñece a previsión do Goberno de abrir este ano o viaduto da A-6 en sentido Madrid e ao longo de 2024 o viaduto de entrada a Galicia, calendario que a Xunta considera de difícil cumprimento
- Constata un novo retraso na posta en servizo da autovía Santiago-Lugo, xa que o Ministerio prevé poñer en servizo en 2024 o treito Melide-Palas, retrasando ata 2025 o de Arzúa-Melide
- Solicita información sobre as peaxes das autoestradas estatais AP-9 e AP-53 a partir do vindeiro 1 de xaneiro, que teñen unhas das tarifas máis altas do estado

O Goberno galego constatou hoxe novos retrasos na presentación do Plan Director do Corredor Atlántico, unha nova demora na data de chegada e reparto dos trens Avril a Galicia e a negativa taxativa do Goberno de España á transferencia da AP-9 á comunidade.

O Consello da Xunta avaliou esta mañá un informe sobre a situación dos compromisos e principais infraestruturas pendentes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en Galicia, tras o encontro mantido no día de onte en Madrid entre a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e o secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo autonómico valora a canle de diálogo institucional aberta co Ministerio e o seu compromiso de trasladar información sobre a evolución de infraestruturas e actuacións estatais estratéxicas para a comunidade.

En todo caso, insistirá nas súas reivindicacións e demandas, como así fixo xa na xuntanza de onte, tendo en conta que hai moitas cuestións aínda pendentes e que precisan de maior concreción.

Adiamento e inconcreción sobre a chegada dos trens Avril

En canto ás infraestruturas ferroviarias, na xuntanza deste mércores a Xunta trasladou como absoluta prioridade saber cando e cantos trens Avril se destinarán a Galicia xa que estes trens de rodadura desprazable son necesarios para que a alta velocidade poida pasar de Ourense e chegar ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

A pesar de solicitar esa información, a Xunta comprobou que o Ministerio de Transportes non decidiu aínda os criterios de reparto que empregará para a dotación de trens Avril, sendo 7 as unidades que se reclaman para Galicia. Tamén demandou a dotación de frecuencias de conexión entre as distintas cidades e Madrid para garantir un servizo en AVE de calidade e competitivo.

A Xunta agarda concreción e poder contar pronto con toda esta información, tal e como se comprometeu o Ministerio, quen este mércores confirmou un novo retraso, ata o primeiro trimestre de 2024, para a posta en funcionamento dos trens Avril na comunidade.

No encontro de traballo de onte, o Goberno galego puido constatar a falta de previsión e de planificación concreta por parte do Goberno central en relación á conexión de Ferrol coa alta velocidade, que aínda está pendente dunha reflexión e concreción.

Tamén coñeceu o rexeitamento a executar as variantes de Rubián e dos Peares-Canabal, na conexión ferroviaria de Lugo coa alta velocidade, o que supón renunciar á principal redución de tempos de viaxe e a garantir unha conexión competitiva e de calidade entre Lugo e Ourense. A oposición do Ministerio á construción das variantes supón que a velocidade máxima desta liña ferroviaria non superará os 160 km/hora, moi inferior ás velocidades AVE, situadas en 300 km/hora.

Corredor Atlántico de Mercadorías

No encontro de onte, a Xunta defendeu o interese das comunidades do noroeste -Galicia, Asturias e Castela e León-, no desenvolvemento do Corredor Atlántico de Mercadorías, reivindicando un maior impulso investidor e dinamizador, tendo como referencia o que está a facer o Goberno español no Corredor Mediterráneo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que foi a primeira reunión que membros do Goberno galego puideron manter co Comisionado do Corredor Atlántico, logo de transcorridos nove meses do seu nomeamento, a Xunta corroborou que o Plan Director vai sufrir un novo retraso.

Segundo a información trasladada, o Plan Director que o Ministerio se comprometeu presentar neste mes de outubro non será un documento completo nin pechado, xa que o Goberno central supedita agora á aprobación, por parte da Unión Europea, da revisión do regulamento da rede de mercadorías en marcha.

A este respecto, a Xunta reiterou a súa solicitude de que o Plan Director teña en conta o traballo xa realizado polas comunidades do noroeste e recolla as actuacións concretas que se estiman prioritarias, como a saída sur de Vigo, a conexión ferroviaria con Portugal ou a conexión A Coruña-Ferrol; ademais dos investimentos necesarios, estimados en 8.000 M€, cifra moi afastada dos 1.400 millóns de euros aos que se comprometeu polo momento o Goberno de España.

Situación dos viadutos da A-6 e axilización das autovías estatais

O Goberno galego puido coñecer onte unha previsión máis concreta dos prazos que manexa o Ministerio de Transportes para a posta en servizo dos dous viadutos da A-6: abrir este ano o viaduto en sentido Madrid e, ao longo do vindeiro 2024, o viaduto de entrada en Galicia.

A Xunta considera o prazo deste ano moi axustado para poder abrir ao tráfico o viaduto de saída. En todo caso, pediu que se activen as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios e facilitar o traballo dos transportistas durante a vialidade invernal, así como máxima axilidade nas obras e a solicitude de información periódica sobre os avances que se vaian producindo, por ser a A-6 unha infraestrutura estratéxica de acceso a Galicia.

En canto ás autovías estatais pendentes, constatouse un novo retraso na posta en servizo da autovía que conecta Santiago e Lugo, a A-54, cuxo remate se demorará ata, cando menos, o ano 2025, toda vez que a única concreción ofrecida polo Ministerio é que en 2024 se porá en servizo o treito Melide-Palas.

Negativa á transferencia da AP-9

Por último, en canto ás autoestradas de titularidade estatal, a Xunta confirmou a negativa taxativa do Goberno central a transferir a AP-9 á comunidade, por considerala unha vía fundamental e estruturante da rede de estradas do Estado e, polo tanto, na súa opinión, non transferible.

O Executivo galego lamenta este rexeitamento, tendo en conta que se trata dunha demanda unánime de Galicia, que a Xunta está preparada para asumir esa transferencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e que unha xestión máis próxima ao territorio desa infraestrutura permitiría que a AP-9 prestase un mellor servizo aos galegos e a Galicia.

Reclamou, ademais, información sobre como quedarán as peaxes das autoestradas estatais en Galicia, tanto da Autoestrada do Atlántico como da autoestrada Santiago-Dozón, que teñen unha das tarifas máis altas do Estado.

A Xunta incidiu na súa demanda de que na AP-53 se establezan bonificacións similares ás que se aplican na AP-9, tendo en conta a situación anómala de que nesta autoestrada non se aplican actualmente ningún tipo de bonificacións, nin sequer por parte da concesionaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA INFORMA DO PAGAMENTO INMEDIATO POR PARTE DA XUNTA DAS AXUDAS QUE COMPLEMENTAN O BONO SOCIAL DE ELECTRICIDADE E QUE CHEGARÁN A MÁIS DE 9.600 FAMILIAS

- Estes apoios, aos cales se destinan 4,5 M€, substitúen o Bono social eléctrico galego mediante o pagamento automático do 100 % da axuda sen necesidade de presentar solicitude
- As axudas incrementáanse nun 50 % e alcanzan os 450 euros e, no caso de familias numerosas, os 675
- O Goberno galego leva apoiando ás familias galegas no pagamento das súas facturas eléctricas desde 2014, con diferentes axudas ás cales xa se destinaron máis de 12,5 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe do inicio de forma inmediata do pagamento das axudas que complementan o Bono social de electricidade do Estado, ao cal se destinarán 4,5 M€, máis do dobre que o ano pasado, para chegar a un total de 9.616 familias galegas, "o que supón un 60 % máis co ano anterior (5.900)", valorou. Ademais, tamén se incrementa un 50 % a contía que recibirán, que pode chegar ata 675 euros no caso das familias numerosas.

Na rolda de prensa tras o Consello da Xunta, Rueda puxo en valor que o Goberno galego ten activas desde 2014 axudas para paliar a situación de necesidade na que viven algunhas familias polo aumento de prezos da electricidade e garantir deste xeito que todos os fogares poidan facer fronte á factura da luz. Unha forma de facelo era a través do bono social eléctrico galego, polo que a Xunta sufragaba a metade da factura anual aos colectivos máis vulnerables, cun máximo de 450 euros.

No entanto, este ano a Xunta vai substituír este bono por unha axuda complementaria a todas aquelas persoas beneficiarias do bono social de electricidade de consumidor vulnerable severo do Goberno central –as que teñan concedido este bono a 31 de decembro do ano anterior- "e que ademais sexan receptoras da Risga, do ingreso mínimo vital ou dunha pensión non contributiva", precisou o presidente galego.

Para a concreción dos beneficiarios tivéronse en conta os últimos datos dispoñibles da Consellería de Política Social e Xuventude para a tramitación do Bono térmico, así como a situación de vulnerabilidade na data de cruzamento dos datos.

Co novo procedemento gánase en axilidade e garántese que os beneficiarios poidan cobrar o 100 % das axudas, pois o pagamento é unha concesión directa que o beneficiario recibirá na súa conta bancaria sen ter que realizar a solicitude.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estes apoios, o Goberno galego pretende paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables en risco de exclusión social e compensar os gastos necesarios para garantir a subministración de enerxía eléctrica. Así, a Xunta de Galicia segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas, un camiño que iniciou en 2014 coas axudas do Tícket eléctrico e que se foron adaptando ás novas necesidades. Así, desde entón, destináronse máis de 12,5 M€ ás familias galegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA ELABORARÁN O PRIMEIRO CATÁLOGO DE MATERIAS PRIMAS MINERAIS DA COMUNIDADE

- A iniciativa forma parte das accións recollidas na Axenda Galega de Impulso da Minería Sustentable 2030 para recompilar aqueles produtos que poidan resultar rendibles para outros usos e susceptibles de integrarse na Materioteca de Galicia
- Dá continuidade aos traballos realizados o ano pasado pola Axencia Galega de Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para identificar e caracterizar materias primas mineirais
- Inclúe a elaboración de fichas dos produtos dispoñibles, a análise de estériles, a creación dun mapa de recursos e accións de divulgación e información
- O Goberno galego destina un total de 100.000 euros ao convenio de colaboración
- Permitirá a Galicia avanzar no seu obxectivo de converter o sector mineiro nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se forneza de xeito sustentable con materias primas autóctonas

O Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá da sinatura dun convenio coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) que ten como obxectivo a elaboración do primeiro catálogo de materias primas minerais presentes na Comunidade.

Esta iniciativa dá continuidade aos traballos realizados o pasado ano pola Axencia Galega de Innovación (Gain) e a COMG para identificar e caracterizar materias primas minerais. Ademais, enmárcase nas accións previstas na Axenda Galega de Impulso da Minería Sustentable 2030 que, dentro do seu obxectivo de analizar e poñer en valor o potencial mineiro de Galicia, prevé a realización dun inventario dos recursos dispoñibles en Galicia que poidan resultar rendibles para outros usos e susceptibles da súa integración na Materioteca de Galicia.

O convenio inclúe a elaboración de fichas de produtos dispoñibles no territorio galego e que incluirá a procedencia, a empresa que o subministra, as súas aplicacións e os usos, unha imaxe e mesmo a súa caracterización mineralóxica e as propiedades. Seleccionáronse 35 mostras de diferentes zonas de extracción mineira, xunto cunha mostra física. O obxectivo é avaliar o uso destes produtos como substitutos doutras materias primas importadas.

Por outra banda, tamén se procederá á clasificación estratéxica dos estériles con posible valor que se poidan presentar nestas explotacións. Así, tamén se aposta pola circularidade, mediante a valorización de residuos producidos nos establecementos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mineiros. Ademais, unha vez recompilados e catalogados todos os datos, poñeranse ao servizo da sociedade por medio da súa inclusión na web da Meterioteca. Cos resultados obtidos, tamén se elaborará un mapa cos produtos do sector mineiro galego que servirá como ferramenta para dar a coñecer os recursos minerais en Galicia, incluídos os estratéxicos, en consonancia coa lista de materias primas críticas publicada pola Comisión Europea. O convenio complétase con actividades de divulgación e información. En total, a Xunta destina 100.000 euros a estes traballos.

Este catálogo será unha ferramenta esencial para que a Axenda Galega de Impulso da Minería Sustentable 2030 poida avanzar no seu obxectivo de converter o sector nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de xeito sustentable con materias primas autóctonas.

De feito, o novo modelo industrial para conseguir unha economía descarbonizada e dixitalizada require de materias primas e procesos de produción eficientes nos cales a industria mineira xoga un papel clave como provedora para actividades como a metalurxia, a mobilidade, a automoción, a electrónica, a construción, a agricultura, a gandería ou o téxtil.

Consciente da necesidade de combinar este modelo cunha xestión responsable dos recursos naturais, Galicia está desenvolvendo un proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Trátase dun sector estratéxico para Galicia que supón o 1,2 % do PIB galego e que representa o 8,2 % da produción mineira de España. Galicia, ademais, é líder na produción de rocha ornamental a nivel nacional, como tamén na de granito e cuarzo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA DE AXUDAS BONO CONCILIA FAMILIA DUPLICA ESTE ANO AS SOLICITUDES RECIBIDAS E SUPERA AS 13.200

Concederanse as achegas a todas as familias que o solicitaron e que cumpran cos requisitos, para o cal se amplía o orzamento ata os 2,5 millóns de euros

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe os resultados da última convocatoria do programa Bono concilia familia, antes denominado Bono coidado, apoio económico para que as familias con fillos de ata 12 anos poidan contratar un coidador no fogar ou un servizo de conciliación cando o necesitan. A convocatoria deste ano 2023, cuxo prazo de presentación de solicitudes rematou recentemente, duplicou o número de peticións recibidas, ao pasar das 6.200 rexistradas o exercicio anterior a máis de 13.200.

O Goberno galego concederá esta axuda directa a todas as familias que a solicitaran e cumpran cos requisitos. Con este obxectivo, ampliouse o crédito deste programa en máis de 950.000 euros, co que esta anualidade se destinarán ao Bono concilia familia 2,5 millóns de euros.

Estas cifras poñen de manifesto o éxito e o crecente interese que está a ter este programa entre as familias en que os dous proxenitores traballan e necesitan de axuda para o coidado dos seus nenos en momentos puntuais; por exemplo: situacións de enfermidade ou por cuestións laborais.

Ata 500 euros de axuda

As contías das axudas poden ser de 200 euros por cada neno para o pagamento dun campamento ou doutros recursos e servizos de conciliación, como unha ludoteca en períodos non lectivos como son as vacacións de verán ou de Semana Santa. Ou de 500 euros por unidade familiar no caso da contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio.

Galicia converteuse nos últimos anos nunha referencia para o resto de comunidades autónomas en materia de conciliación, con medidas como esta de reforzo do Bono coidado familia e outras como a gratuidade das escolas infantís, as casas niño e as casas do maior ou a Tarxeta Benvida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA XENERALIZA O TELESEGUIMENTO DE PACIENTES CARDÍACOS COA NOVA LICITACIÓN DE DISPOSITIVOS CARDIOIMPLANTABLES

O Consello da Xunta autoriza un contrato de 102 millóns de euros para adquirir marcapasos e desfibriladores que se integrarán coa plataforma Telea e trasladarán os datos á historia clínica electrónica sen necesidade de desprazamento dos pacientes

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre o expediente de contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, para a subministración de implantes de marcapasos e desfibriladores cun valor estimado de 102.238.939 euros, para catro anos. O número de dispositivos que se mercan é de 13.149 marcapasos e 2.785 desfibriladores.

O obxecto desta contratación é a selección das empresas para a posterior adxudicación dos contratos de subministración sucesiva de implantes de marcapasos e desfibriladores con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Este investimento complementa as actuacións que o Goberno galego ten posto en marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

A contratación instrumentalízase a través dun acordo marco que se estrutura en dúas fases. Unha primeira fase en que se determinan de forma centralizada as catro empresas seleccionadas por lote; e una segunda, en que se adxudican en cada área sanitaria os contratos baseados no acordo marco.

Tanto os marcapasos como os desfibriladores automáticos implantables están relacionados coas arritmias cardíacas, que constitúen un motivo frecuente de ingreso hospitalario.

Esta licitación foi realizada por un grupo técnico asesor, atendendo ás distintas patoloxías e necesidades dos servizos de electrofisioloxía das áreas sanitarias, tendo en conta as características físicas e funcionais de cada marcapasos/desfibrilador.

A adquisición desta aparelaxe implicará a integración informática destes dispositivos coa historia clínica electrónica, e permitirá a consulta en tempo real dos datos rexistrados neles por parte dos profesionais sanitarios a través da historia clínica do Sergas, evitándolles así desprazamentos aos pacientes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia adoptou nestes últimos anos a plataforma de telemedicina Telea, para integrala con estes dispositivos, e acadou na actualidade un total de 2.244 protocolos de seguimento de dispositivos cardíacos implantados a través dela, no total das sete áreas sanitarias. A licitación deste contrato asegurará a xeneralización desta funcionalidade nos dispositivos cardioimplantables adquiridos polo Sergas.

O material que se licita agrúpase en 22 lotes, garantindo unha economía de escala, de tal forma que se produzan aforros ao realizar unha parte do proceso de contratación de forma centralizada para todo o Sergas. O aforro estímase en máis de 1,5 millóns de euros/ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PORÁ EN MARCHA ESTE ANO 89 OBRADOIROS DUAIS PARA MELLORAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DUNHAS 1.800 PERSOAS DESEMPREGADAS

- A nova convocatoria case acadará os 50 M€ de investimento e vai dirixida a concellos, mancomunidades e entidades sen ánimo de lucro do sector forestal
- As oficinas de emprego iniciarán a selección de participantes, entre os cales terán prioridade emigrantes retornados, mulleres, vítimas da violencia de xénero, parados de longa duración ou persoas con discapacidade, entre outros colectivos
- O Goberno galego reserva case un millón de euros para incentivar a inserción laboral das persoas participantes, unha vez rematada a súa formación
- Desde 2009 preto de 19.500 persoas participaron nestas accións que supoñen a mellora da súa empregabilidade

O Goberno galego porá en marcha este ano un total de 89 obradoiros de emprego dirixidos a mellorar as oportunidades laborais de case 1.800 persoas desempregadas.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade informou hoxe no Consello da Xunta que a actual convocatoria 2023-2024 permitiralles aos concellos, mancomunidades e organizacións sen ánimo de lucro do sector forestal realizar estas accións.

Logo da resolución dos obradoiros, iniciaranse de inmediato os procesos de selección dos participantes a través das oficinas de emprego. Terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego, en especial aquelas con especial dificultade para acceder ao mercado de traballo: emigrantes retornados, mulleres, vítimas de violencia de xénero, persoas que esgotaron as prestacións, parados de longa duración, maiores de 45, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, etc.

O investimento da Xunta de Galicia nestes obradoiros ascenderá a uns 50 millóns de euros, nos cales se inclúe a reserva de case un millón destinado a incentivar a contratación das persoas participantes, unha vez rematada a formación.

En total beneficiaranse da presente convocatoria 1.765 persoas desempregadas. Recibirán formación, disporán dun contrato de traballo e percibirán remuneración durante a súa participación nesta actividade, que se estende durante 12 meses. A Xunta subvenciona o 100 % do salario mínimo interprofesional (1.080 euros este ano), así como a totalidade das cotas por cada un dos participantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A posta en marcha destes proxectos contribúe ademais á contratación, por parte das entidades promotoras, do persoal directivo do obradoiro, docente e administrativo de apoio necesario para levarlos a cabo.

A provincia da Coruña acollerá 26 obradoiros; seguida de Ourense, con 23; Pontevedra, con 22; e Lugo, onde se realizarán un total de 18.

Os obradoiros duais de emprego son programas públicos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social. Os beneficiarios poden realizar un traballo efectivo que favorece a súa inserción no mercado de traballo. Na selección de especialidades teñen prioridade as que garanten unha maior expectativa laboral nas contornas, por exemplo, relacionadas coas tecnoloxías da información (TIC) ou coa economía dixital.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia promoveu un total de 924 obradoiros de emprego, que mobilizaron máis de 461 millóns de euros. Case 19.500 persoas participaron nestas accións que materializan a colaboración entre a Administración autonómica e local e permiten atender, por outra banda, as necesidades de man de obra do mercado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTATA QUE A VENDIMA DE 2023 É A MÁIS ABONDOSA DA DÉCADA E APROXÍMASE Á MÁIS ALTA DA HISTORIA

- A piques de rematar os traballos, recolléronse un total de 75,4 millóns de quilos de uva, dos que case 66,3 millóns foron de variedades brancas e os 9,1 millóns restantes de tintas
- A cantidade de uva colleitada é a máis importante do decenio 2014-2023, superando nun 18% a media do dito decenio
- Por quinto ano consecutivo, a Consellería do Medio Rural activou, en coordinación cos consellos reguladores e como reforzo do seu control, un plan de controis para asegurar e preservar a calidade dos viños no que investiu preto de 200.000 euros e no que participaron 19 profesionais
- Todas as denominacións de orixe aumentaron a produción respecto da pasada campaña, incluída Ribeira Sacra, a falta do peche da colleita e de coñecer o dato definitivo de uva recollida nesta DO

Galicia registrou neste 2023 a vendima máis abundosa da última década, segundo puido constatar a Xunta a través dun informe elaborado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural. Así, a piques de rematar os traballos, recolléronse un total de 75.425.734 kg de uva, dos que 66.291.952 kg (88%) foron de uva branca e 9.133.782 kg (12%) de tinta.

A cantidade de uva recollida é a segunda máis importante da serie histórica -só superada pola do 2011-, sendo un 18% superior á media do decenio 2014-2023. Todas as denominacións de orixe aumentaron a produción respecto da pasada campaña, incluída Ribeira Sacra, a falta do peche da colleita e de coñecer o dato definitivo de uva recollida nesta DO.

Denominacións de orixe

Na seguinte táboa figuran os datos correspondentes á vendima de 2023 segundo as diferentes denominacións de orixe:

Denominación de orixe	Colleita (Kg)
Rías Baixas	44.323.220
Ribeiro	11.491.299
Ribeira Sacra	5.227.957
Valdeorras	7.783.356
Monterrei	6.599.903
TOTAL	75.425.734

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na denominación de orixe Rías Baixas, a cantidade de uva vendimada supuxo un incremento dun 22% respecto da media do decenio 2014-2023 e foi un 8% superior á da campaña 2022, constituíndo o récord absoluto da súa historia. Esta DO caracterízase polo predominio das variedades de uva branca, cun 99% do recollido. Entre elas destaca a Albariño, que cun 97% do total producido é a gran protagonista da denominación.

A denominación de orixe Ribeiro é a segunda en canto a volume recollido, cun 12% de cantidade de uva máis que na campaña pasada e un 6% por riba do valor medio do período 2014-2023. Esta DO está especializada na produción de viños brancos e, de feito, as variedades brancas representan un 93% do total, fronte ao 7% das tintas.

Na denominación de orixe Ribeira Sacra, a cifra de uva vendimada é inferior á da pasada campaña, en parte debido a que os labores aínda non remataron. En todo caso, as previsións de colleita cumpríronse en canto a cantidade e calidade. A uva entrou en boas condicións sanitarias e prevese que o viño teña unha graduación dentro dos valores medios dos últimos dez anos.

A uva recollida na denominación de orixe Valdeorras supón un incremento dun 30% respecto da media dos últimos dez anos e do 20% en relación coa campaña precedente. En canto ao reparto varietal, nesta vendima colleitouse un 76% de uva branca e un 24% de tinta. Entre as brancas, destaca a variedade Godello, a máis característica de Valdeorras, que representa o 96% das uvas brancas vendimadas. En tintas a principal é a Mencía, cun 75% do total destas variedades.

Pola súa banda, o balance na denominación de orixe Monterrei é tamén moi positivo, xa que un ano máis acadouse un récord absoluto na vendima, cun aumento dun 2% respecto do ano pasado e dun 29% sobre a media do decenio 2014-2023. Neste territorio, a variedade Godello supón o 55% de toda a uva vendimada e o 75% da branca, mentres que a Mencía representou un 21% de todas as variedades vendimadas e o 80% se o referimos ás tintas.

Plan de controis

Por quinto ano consecutivo, a Consellería do Medio Rural activou, en coordinación cos consellos reguladores e como reforzo do seu control, un plan de controis na vendima para asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe galegas. Este é un plan propio da Xunta, ao cal destinou este ano preto de 200.000 euros, e que ten como principal obxectivo evitar situacións fraudulentas que se poidan producir desvirtuando o sistema xeral de control da calidade e a orixe das materias primas coas que se elaboran os viños galegos con DO.

Para este control contouse cun equipo -semellante ao do pasado ano- formado por 19 persoas, das cales 15 eran inspectores de campo (capataces), tres técnicos e unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coordinadora. Este programa púxose en marcha en coordinación con todos os consellos reguladores de cada unha das cinco denominacións de orixe, que contan tamén con persoal propio -fixo e eventual- para os labores de control. Este persoal realizou o control sobre, aproximadamente, 2.500 parcelas, que corresponden a cerca de 130 viticultores das diferentes denominacións. Ademais, fixéronse labores de seguimento das operacións de carga e descarga de mosto e viño (119 controis) e a realización de aforos en máis de 100 adegas. Por último, tamén se efectuaron un total de 80 visitas a centros de acopio de uva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

